

## PROXECTOS DE BIOMASA DE PARTICULARES - IN421P

### Persoas Beneficiarias

- Persoas físicas propietarias de calquera dereito sobre un inmoble residencial.
- Comunidades ou Mancomunidades de veciños.
- Agrupacións de persoas físicas, privadas sen personalidade.

### Presentación da solicitude e xustificación

- **Particulares:** nas entidades colaboradoras do 02/03 - 01/07/2022, ou ata esgotamento de fondos.
- Entidades colaboradoras: ata o 01/06/2022.
- **Xustificación:** 30/09/2022.

### Axuda e contía máxima

- A inversión elixible máxima por potencia unitaria (sen IVE) estará limitada pola características do sistema de conformidade ó disposto no artigo 5 das bases da convocatoria.
- A contía da axuda será do 50% do investimento elixible da instalación.
- A contía máxima por proxecto será de 60.000 €.

Tipoloxía	Tipo de equipamento xerador de biomasa	Rango de potencias	Custo elixible máximo por potencia sen IVE (€/kW)
A1	Estufas de aire, cociñas calefactoras e xeradores de aire quente	P ≤ 25 kW	225-5 P
		P > 25 kW	100
A2	Cambio de queimador en equipamento existente que non sexa de biomasa		50
B1	Equipamentos térmicos que utilicen leña, hidroestufas ou insert/cheminea de auga	P ≤ 20 kW	300-5 P
		20 kW < P ≤ 40 kW	250-2,5 P
		P > 40 kW	150
B2	Caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible V < 1.000 litros	P ≤ 40 kW	300
		40 kW < P ≤ 440 kW	310-(P/4)
		P > 440 kW	200
B3	Caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible con V ≥ 1.000 litros	P ≤ 40 kW	325
		40 kW < P ≤ 440 kW	335-(P/4)
		P > 440 kW	225

P: potencia nominal total do sistema de caldeira(s) (kW).

V: capacidade do sistema externo de acumulación de combustible (litros)

### Obrigas

- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas e acreditar os requisitos.

- c) Facilitarlle á entidade colaboradora dúas ofertas cando a actuación que supoña un gasto sen IVE igual ou superior a 15.000 €, con carácter previo á contratación.
- d) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social.
- e) Realizar o pagamento das facturas á entidade colaboradora para envialas ao Inega en prazo.
- f) Cando non poida executar o proxecto deberá renunciar á subvención.
- g) Respetar o destino do investimento dous anos despois da data da resolución de pagamento final.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- i) Comunicarlle ao Inega, a través da entidade colaboradora, a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos, así como a modificación das circunstancias.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- k) Toda referencia ás actuacións subvencionadas en calquera medio de difusión deberán incluír o símbolo e logotipo da Xunta de Galicia e do Inega.

#### Mais información

Máis información no Inega: 981 957 436, 981 541 510, 981 541 524 e 981 541 530